

DEBERES DE INGLÉS DE 2º DE PRIMARIA (SEMANA DO 1-5 XUÑO - 3ºTRIMESTRE):

Bos días,

Estas son as tarefas de Inglés para esta semana:

1.- Entrar na Unidade 5 do Class book en Blink Learning e facer os exercicios orais e escritos das páxs. 56 e 57 (repetindo esas frases, copiando as palabras do cadro, e completando e numerando as frases segundo o modelo. Na páx. 57 leen e tachan os animais que non están na foto e no ex. 2 fan 2 frases: A 1ª cos animais que teñen, e a 2ª frase cos animais que lle gustan). Poden volver ver o conto no enlace: [My house is too small!](#) e tamén poden facer un repaso das partes da casa no seguinte enlace: [Parts of the house](#). Enviádeme foto desas 2 páxs. do Class.

2.- Facer as páxs. 12 e 13 do Skills book. Enviádeme as fotos desas 2 páxs. tamén ao meu correo para corrixilas (mirade que o lapis estea moderadamente afiado e que lle calquen ben para que se poida ver e ler ben). Quería tamén pedirvos que por favor mandedes as fotos de fronte (ao dereito, non deitadas) e co libro apoiado nunha mesa para que estea plano, senón ao quedar dobrado non se leen ben os laterais das follas ou quedan as fotos cortadas. Favor mandalas todas xuntas cando acabedes o traballo da semana nun só correo .

Déixovos á man o enlace aos vídeos co vocabulario xenérico de uso diario para os alumnos aos que lles gusta miralos de vez en cando. O enlace é:

https://docs.google.com/document/d/11EmBad79-nnRrjyYWSwuGv_AIML8Cqv_3iGHVI6dMPQ/edit

Recordade que este é o traballo de Inglés que se recomenda para toda a semana pero que ten un carácter flexible, polo que non se aconsella facelo todo xunto, podedes distribuílo en varios tempos segundo as vosas posibilidades e horarios. A miña recomendación sería facelo en 2 días (por exemplo martes e xoves). Se tedes calquera pregunta con respecto aos deberes de Inglés ou dificultade á hora de traballar co material contactade comigo. Recórdovos o meu correo marinaepf20@gmail.com para calquera dúbida que vos poida xurdir.

Ánimo que xa queda menos.

Unha aperta.

Marina.